



NAST
NÚCLEO ASSOCIATIVO DE SANTO TIRESO



Regulamento da Liga de Orientación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal para 2023

1. Presentación

A Liga Transfronteiriza (LTF) é unha organización conxunta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) e dun grupo de clubs do norte de Portugal (ver Lista de clubs participantes adxunta ó final do presente documento). O seu obxectivo é desenvolver a cooperación transfronteiriza na organización de eventos de orientación.

2. Inscricións

Os/as atletas inscritos/as na Federación Española de Orientación (FEDO) e/ou na Federación Portuguesa de Orientación (FPO) poden competir na LTF.

Data límite de inscrición LTF:

Ata o domingo anterior en probas organizadas en Galicia ou ata o luns anterior en probas organizadas no Norte de Portugal.

Os/as atletas españois/las e portugueses/as non inscritos/as nesas federacións soamente poderán inscribirse en categorías NON OFICIAIS. Os/as atletas estranxeiros/as (nin españois/las ni portugueses/as) poden inscribirse en calquera categoría, pero non serán considerados/as a efectos de clasificación na LTF.

As inscricións realizaranse na **Intranet** da FEGADO (<https://fegado.es>) ou na plataforma **Orioasis** para as probas celebradas en Galicia, e en **Orioasis** (www.orioasis.pt) para as probas celebradas en Portugal.

3. Categorias/ Escalões e ranking LTF

Abertos (sen clasificación)

CARREIRAS EN GALICIA	CARREIRAS EN PORTUGAL
Iniciación curta	Fácil
Iniciación longa	Medio
	Difícil



NAST
NÚCLEO ASSOCIATIVO DE SANTO TIRSO



Categorías / Escalões:

Categorías (Galicia)	Escalões (Portugal)
ALEVÍN M/F-12	H/D 12
INFANTIL M/F-14	H/D 14
CADETE M/F-16	H/D 16
M/F-18	H/D 18
M/F-21A	H/D 21A
M/F-21B	H/D 21B
E/F Elite	H/D Elite
M/F-35	H/D 35
M/F-40	H/D 40
M/F-45	H/D 45
M/F-50	H/D 50
M/F 55*	H/D 55*

Nas probas **SEN** categorías M/F-55 ou H/D 55, os atletas deberán comunicar á organización que, pese a participar nas categorías M/F-50 ou H/D 50, queren puntuar a efectos RANKING da LTF na súa categoría de idade.

4. Ranking LTF (clasificacións)

O ranking LTF elaborárase e poderase consultar na plataforma ORIOASIS.

A efectos do Ranking Individual LTF, cada atleta sumará os puntos dos mellores resultados obtidos, tomando os correspondentes ó **70 por cen** do total de probas, redondeando o decimal ó enteiro máis próximo. **(para 6 probas puntúan 4 resultados)**.

Os/as atletas que non poidan participar nas probas que forman o Ranking Individual por estar na organización ou supervisión de eventos, terán puntuación igual á media aritmética que se calculará coas mellores puntuacións obtidas nas probas que contribúan para a puntuación final, dividindo a suma destas puntuacións polo número de probas consideradas para o Ranking Individual ou realmente realizadas se son inferiores ás consideradas para dito Ranking.

4. Premios

Os premios outorgáranse ós/ás 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría despois da última carreira, é dicir, na 1ª proba da Liga do ano seguinte.


NAST

NÚCLEO ASSOCIATIVO DE SANTO TIRSO



5. Calendario da LTF 2023

	DATA	CLUB ORGANIZADOR	LUGAR	OBSERVACIÓNS
1	04/03	Amigos da Montanha	Caminha	
2	03/06	Asociación Deportiva A FORNA _ Budiñoraid	Oia	5ª Proba Liga Galega de O-Pé
3	17/06	VigOrienta	Torroña	6ª Proba Liga Galega de O-Pé
4	16/09	Sociedad de Montaña Ártabros	Forgoselo	8ª Proba Liga Galega de O-Pé
5	07/10	NAST	Campo do Gerês, Terras de Bouro	
6	04/11	.COM	Corno de Bico, Paredes de Coura	


6. Cotas de inscrición

As cotas de inscrición para as probas organizadas en Galicia están descritas nas Normas Anuais FEGADO, que para 2023 son:

Federados/as categorías M/F-18 e inferiores:	7 euros.
Federados/as categorías M/F-21 e superiores:	10 euros
Non Federados/as, con licenza de proba e participando en Iniciación Curta:	10 euros.
Non Federados/as, con licenza de proba e participando en Iniciación Longa:	13 euros
Recargo por inscrición fóra de prazo:	+ 100% da cota de inscrición correspondente.
Cambio de tarxeta S.I., a pagar pola persoa deportista:	2 euros (unha vez pechadas as inscricións) 5 euros (o día da carreira).

As probas organizadas en Portugal descríbense no Regulamento de Competición FPO. Pero no caso de que se sexan probas da LTF se describirán anualmente neste regulamento, que para 2023 son:

Federados:	2,5 € para xoves / 5 € para adultos;
Non federados:	3,5 € para xoves / 7 € para adultos
Despois da data límite de inscrición	50% de recargo. 2 € de comisión por cambios de última hora.



7. Instrucións finais

As probas que se celebran en Galicia estarán suxeitas ó Regulamento de Orientación a Pé 2023 da FEGADO e ás Normas Anuais da Liga Galega de Orientación a Pé 2023 da FEGADO.

As probas a celebrar en Portugal estarán suxeitas ó Regulamento de Competición FPO 2023.

Lista de clubs membros da LTF no norte de Portugal

- .COM – Club de Orientación de Minho.*
- Amigos de la Montaña.*
- GD4C – Grupo Desportivo 4 Caminhos.*
- Orimarão – Club de Orientación de Vila Real.*
- NAST – Centro Asociativo de Santo Tirso.*
- ADC – Asociación Deportiva Cabroelo.*